


O cogomelo é o froito que dá o fungo, a súa función é a de manter a continuidade da especie. Para dicilo doutra maneira, os conceptos cogomelo e fungo sería como comparalos coa froita e a árbore que da ese froito. Polo tanto poderíamos dicir que todo cogomelo é un fungo.


Para coñecer os cogomelos debemos saber ben cales son as súas **partes**:

- Sombreiro: é a parte máis ancha que se atopa encima do pé.
- Lámina: a parte máis inferior do sombreiro. Nela constitúense as esporas a través das cales se leva a cabo a reprodución.
- Himenio: está composto polas láminas e pode ser liso, tubular ou laminado.
- Anel: atópase debaixo do sombreiro cando este se expande, pero non tódolos cogomelos teñen anel.
- Pé: é o tronco máis ou menos alongado que sostén o sombreiro.
- Volva: parte subterránea que rodea a base do pé do cogomelo.



Coas primeiros chuvias do outono aparecen os cogomelos, un dos alimentos de temporada máis prezados non só polo seu sabor, senón pola cantidade de beneficios que nos presta.

Así podemos atopar cogomelos **comestibles** coma os níscales, boletos,... cun gran aporte alimenticio sen graxas, baixo en calorías e rico en contido mineral pero o rei dos cogomelos en canto a vitaminas é o champiñón : de cor branca parda, liso e con forma de media esfera. O pé é branco e curto.



Outros comestibles son:

- o níscalo: moi preciado pola calidade da súa carne. De cor alaranxada e verdosa co paso do tempo.
- a trufa: moi cara pola súa escaseza, aroma e difícil localización para o cal nos servimos de cans moi adestrados para este fin. Atópase debaixo da terra polo que o home é incapaz de atopala sen axuda destes animais.

Pero tamén nos atopamos nos montes con cogomelos que son **venenosos** podendo incluso provocar a morte. Entre os tóxicos están a amanita muscaria que ademais de trastornos dixestivos provoca problemas visuais e auditivos. Contén unha sustancia capaz de matar as moscas.



Ante síntomas de posible intoxicación é preciso acudir a un centro hospitalario.

Neste caso convén levar restos de cogomelos que sobran, para que sexa posible identificar a especie que provocou tal intoxicación dado que facilitará un tratamento eficaz.

Non podemos esquecer que os cogomelos cumpren unha importante función na nosa **nutrición**. Todos eles conteñen unha serie de nutrientes que inflúen no mantemento da saúde. Son ricos en hidratos de carbono non dixeribles que actúan como fibras, evitando o estrinximento e axudando á evacuación de toxinas acumuladas no intestino, sendo un factor preventivo contra a aparición de cancro. Tamén é importante o contido de minerais nos cogomelos, especialmente en potasio, que resulta moi importante no equilibrio dos líquidos corporais; en fósforo e sobre, todo en selenio.

É importante ter en conta unha serie de **consellos á hora de recoller cogomelos** no monte:

- non recoller, nin moito menos inxerir, cogomelos que non coñezamos.
- non arrincar, senón que se cortan cunha pequena navalla e lípanse no sitio para que diseminen as esporas e continúen reproducíndose.
- non usar anciño nin escarvar na terra porque maltratamos o solo e pode que non volvan a medrar e non coller tódolos cogomelos dun sitio para deixar algúns exemplares para que dispersen as súas esporas.
- usar cestas de vimbio ou recipientes que permitan a súa ventilación: evitar as bolsas de plástico dado que fermentan e perden atributos coma o aroma ou a textura.
- Non recoller cogomelos en zonas contaminadas tales como vertedoiros, dado que os metais pesados destes medios son absorbidos polos micelios, que á súa vez alimentan o cogomelo.

CONTTO

- OS DOUS COGOMELOS -

O pequeno cogomelo vivía debaixo dun gran castiñeiro coa súa nai. Era un lugar moi fresco e húmido no que vivían felices. Un día, o pequeno cogomelo, viu ao lonxe un home cargando unha cesta chea de cogomelos.

- Mamá- dixo o pequeno- eu quero que o home me suba na súa cesta e me leve a dar un paseo polo bosque , porque aquí estou aburrido.

A nai, asustada , dixo: - Estás tolo !, ese home non está paseando os cogomelos, senón que os arrinca para cociñar e comer.

O pequeno quedou sen palabras, tremendo de medo agochouse detrás da súa nai e esperou a que o home marchara.

1 - Contesta:

- Onde vivían os dous cogomelos?

- Por que o pequeno cogomelo quería ir de paseo?

- Que facía aquel home no bosque?


- Para que levaba os cogomelos?

- Sabes que froitos dan os castiñeiros?

- Que festa se celebra no outono con estes froitos do castiñeiro?

2 - Inventa un final diferente para este conto supoñendo que o home leva a pasear ó pequeno cogomelo.

3 - Colorea o cogomelo agochado.




4 - Adiviña...adiviñanza. Busca a solución e fai o debuxo.

Saio no outono
e os prados encho,
saberás quen son
polo meu sombreiro.

Solución: _____

5- Escribe o nome das partes dun cogomelo onde corresponde.




6- Busca información e escribe o nome de dous cogomelos comestibles e de dous velenosos. Debúxaos.


COMESTIBLES	VELENOSOS

7 - Realiza as contas e coloreja atendendo ao código.

- 1- AZUL ESCURO
- 2- ROSA
- 4- VERMELLO
- 5- AZUL CLARO
- 6- VERDE ESCURO
- 7- VERDE CLARO
- 8- MARRÓN
- 9- LILA



COLOREA DA MESMA COR AS PARELLAS DE COGOMELOS



MARCA O CAMIÑO A SEGUIR PARA CHEGAR ATA O COGOMELO

